

GALIZA EN EUSKADI

Jera-Cruz Montoto Vázquez

Euskadi é un dos puntos de maior movemento migratorio galego do Estado Español. Aproximadamente unhas 75.000 galegas e galegos, canda os seus descendentes, atópanse espallados polo territorio vasco, concentrándose máis intensamente nas vilas costeiras e nas caracterizadas polo desenvolvemento industrial de comezos do s. XX. Esta migración, que reflicte a procura do pobo galego por acadar a mellora das súas condicións de vida, foi grande canalizadora da cultura galega nas terras vascas.

O concello de Pasaia (Gipuzkoa), é un dos máis firmes candidatos ó título da "quinta provincia galega". Co incremento da demanda de man de obra cualificada e barata por mor do grande desenvolvemento da pesca industrial de comezos do século pasado, milleiros de galegos emigraron a Pasaia concentrándose no Poboado de Pescadores de San Pedro.


De condicións insalubres no seu comezo, e abandonado polas institucións, o poboado gañará os sambenitos de "roxo" e de esquerdas.



Será no concello de Pasaia onde a finais da década dos '70 se ofician as que se consideran primeiras misas en galego no País Vasco, conducidas polo párroco galego Pepe Novoa na parroquia do Poboado: Nosa Señora da Asunción.

Estes oficios relixiosos en galego sucedéronse todos os domingos ó longo de tres meses.

Posteriormente entrará como párroco do Poboado o ourensán Manuel González, que mobilizado pola infatigable labor do Fato Cultural Galego Daniel Rodríguez Castelao de Pasaia, volta a facer misas en galego unha vez ó ano co gallo do Día das Letras Galegas, celebración que o Fato Cultural ven de organizar dende os comezos do ano 1977.



Como mostra representativa da simultaneidade das culturas galega e vasca en Euskadi, atopamos no ano 2000 a colocación dunha placa na honra de Concha Murguía, nai do historiador Manuel Murguía, á que todos os anos se lle fai unha homenaxe, inicialmente no Día de San Martiño, e trasladada hoxe en día ó mes de febreiro. A placa atópase na casa onde naceu Concha Murguía no ano 1807, a actual Casa da Cultura de Oiartzun (Gipuzkoa).



Este acto conmemorativo, que ó igual que moitos dos organizados pola comunidade galega en Euskadi conta con representantes do Goberno Vasco, está abandeirado tanto pola Irmandade de Centros Galegos de Euskadi como por Asociacións coma o Fato Cultural Castelao ou a Asociación Cultural Rosalía de Castro de Barakaldo.

Barakaldo, a capital galega en Euskadi

En Barakaldo, a que se deu en chamar "capital galega en Euskadi" dise que chegou a haber máis de 25.000 galegos e galegas, chegados nas diferentes ondas migratorias que tiveron a súa orixe a finais do século XIX co gallo do pulo da industria do ferro en Bizkaia.

O Centro Galego de Barakaldo, inaugurado no 1901, é o máis antigo de Europa e o segundo máis antigo do mundo.

Na vila bizkaitarra abundan as referencias á Galiza, que van dende o nome de numerosos establecementos ata a presenza dunha escultura adicada a Rosalía de Castro que conmemora o cen aniversario do Centro Galego.

Se ben na actualidade a emigración galega presenta sinificativas diferenzas con respecto á de períodos precedentes, hoxe en día a xuventude continúa a se desprazar a Euskadi na procura dun benestar económico e mesmo social.

Froito deste goteo migratorio seguen a agromar diferentes iniciativas culturais, coma os programas radiofónicos en galego "Licor Café: Espazo para o Encontro" dende Oiartzun e "Bai ou non Bai" dende Bilbao, ou, máis recentemente, a plataforma cidadá "E.H. Chove, ou?".

